



### Escola Educación Infantil Milladoiro.

- Etapa educativa: Segundo ciclo de educación infantil.
- Nº de unidades: 13
- Horario escolar do centro: de 9,00 a 14,00horas.
- Horario de titorías: martes de 16.00 a 17.00 horas.
- Equipo directivo: Ángeles Ferrón (Directora), Felisa Ulloa (X.estudios), Isolina Pombo (Secretaria).
- Equipo docente: 17 especialistas ed.infantil, 1 especialista l.inglesa, 1 profesora relixión.
- Departamento de orientación: 1 orientadora, 2 especialistas PT, 1 especialista AL.
- Personal non docente: 1 auxiliar coidadora, 1 conserxe.

### Área de influencia

Serán zonas de influencia do centro a efectos de escolarización as seguintes: Milladoiro, e os lugares da parroquia de Biduído.

A EEI MILLADOIRO está adscrita ao CEP VENTÍN, para realizar os estudos de Educación Primaria.

### Servizo Complementarios

- **Servizo de transporte escolar:** para o alumnado procedente dos lugares de Coira, Moniña, Biduído de Arriba, Biduído de Abaixo, Agrela, Paramuiño, Casanova e Raíces.
- Ofertados polo concello de Ames:
  - **Comedor escolar:** Horario: de 14,00 a 16,30 horas.
  - Quendas de recollida: 15.00,15.30,16.00 e 16.20.
  - **Servizo de madrugadores:** “Bos días, cole”. Horario: de 7,30 a 9,00 horas.
  - **Servizo de lúdicos:** “Tardes Divertidas”.Horario de 16.30 a 21.00 horas.

### Actividades extraescolares

- **Actividades da ANPA MILLAPEQUES:** judo, natación, plástica, teatro, ximnasia rítmica e música.Unha sesión semanal dunha hora.
- **Actividade de psicomotricidade:** ofertada polo Concello de Ames (Xoves de 16.30 a 19.30).

### Horario para a entrega de solicitudes na EEI Milladoiro

- Luns a venres: de 9.15 a 10,15 horas.
- Mércores: de 10:45 a 11.30 horas.
- Luns,martes, mercores, xoves e venres: de 13.05 a 14.00horas
- Martes: de 16.00 a 17.00 horas.

\*Para entregar a documentación fóra deste horario rogamos se poñan en contacto coa dirección do centro .

### Oferta de prazas- curso 2014-15

4º Curso E.I. (3 anos)	5º Curso E.I. (4 anos)	6º Curso E.I. (5 anos)
88 + 12 (NEAE)	0	0

## .RESUMO ORDE ADMISIÓN ALUMNADO

Toda a información detallada pódese consultar na Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se regula o proceso de admisión do alumnado (DOG venres, 15 marzo de 2013) ou na páxina web da consellería: [http// www. edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

### 1.- Calendario de actuacións

- Presentación de solicitudes: **do 1 ao 20 de marzo**
- Presentación da documentación acreditativa dos criterios alegados: do 24 de marzo ao 3 de abril
- Publicación da lista provisional de admitidos: antes do 25 de abril
- Prazo de reclamación ás puntuacións provisionais: 5 días hábiles.
- Prazo de resolución de reclamacións: 5 días hábiles.
- Publicación de lista definitiva de admitidos: antes do día 15 de maio

### 2.- Presentación de solicitudes.

As solicitudes axustaranse ao modelo oficial que se publica como anexo II a esta orde. **Cada solicitante presentará unha única solicitude**, dirixida á dirección do centro onde se solicita praza en primeiro lugar. O seu incumprimento determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

**Todo o alumnado deberá presentar xunto coa solicitude fotocopia do libro de familia e DNI dos proxenitores.**

### 3.- A solicitude presentarase no centro que se solicita en primeiro lugar.

Nela poderanse relacionarse ata seis centros, por orde de preferencia, que serán considerados posteriormente, no caso de que o interesado ou interesada non sexa admitido/a no centro ao que vai dirixida a solicitude.

Se o alumno ou alumna non obtívese praza no centro solicitado en primeiro lugar será a comisión de escolarización quen procederá a escolarizar este alumnado de acordo co que se dispón na orde.

### 4.- Prazo de presentación de solicitudes de admisión: **do 1 ao 20 de abril,**

**5.- A solicitude deberá ser asinada polos dous proxenitores** cando exista separación ou divorcio, achegando resolución xudicial coa solicitude.

### 6.- Solicitude de admisión do alumnado con necesidades educativas específicas.

Na solicitude os pais, nais ou tiores legais deberán manifestar se optan a unha praza para alumnado con necesidades educativas específicas, achegando, se for o caso, a documentación que acredite as circunstancias alegadas.

### 7.- Presentación de documentación acreditativa dos criterios alegados.

Poerase entregar a documentación do 24 de marzo ao 3 de abril\_ ambos os dous inclusive, para que os pais, nais ou tiores legais do alumnado presenten a documentación xustificativa dos méritos por eles alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado, xunto cunha copia do anexo II presentado anteriormente.

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

**(Aconséllase ás familias achegar a documentación acreditativa dos criterios alegados ao mesmo tempo que a solicitude)**

## CRITERIOS XERAIS DE PRIORIDADE DE ADMISIÓN DE ALUMNOS

### DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS (carácter voluntario)

1. **Irmáns no centro escolar:** certificado de matrícula do CEP Ventín ou EEI Milladoiro
  - Por 1 irmán .....8 puntos
  - Por 2º e seguintes.....2 puntos
  
2. **Proximidade do domicilio familiar:** certificado de empadramento municipal de todos os membros da unidade familiar. De non ter 1 ano de antigüidade o de non coincidir o domicilio familiar e fiscal deberanse presentar: título de ocupación da vivenda (escritura ou contrato de aluguer) e contrato de alta de recibos actualizados (luz, auga, gas) a nome do solicitante da praza.
  - Por ter domicilio na área de influencia.....6 puntos
  - Por ter domicilio en áreas limítrofes.....3 puntos
  - Por ter domicilio noutras áreas..... 0 puntos
  
3. **Proximidade do lugar de traballo:**  
Por conta allea: certificado da empresa e copia do contrato laboral.  
Por conta propia: Alta censal perante a axencia estatal tributaria e alta na tesourería xeral na Seguridade social.
  - Por lugar de traballo na área de influencia.....4 puntos
  - Por lugar de traballo en áreas limítrofes..... 2 puntos
  - Por lugar de traballo noutras áreas.....0 puntos
  
4. **Acreditación de familia numerosa:** fotocopia compulsada do título oficial de familia numerosa (non poderá estar caducado)
  - Por familia numerosa de categoría especial.....3 puntos
  - Por familia numerosa de categoría xeral.....2 puntos
  
5. **Familia monoparental:** copia libro familia ou resolución xudicial
  - Por ser familia monoparental.....2 puntos
  
6. **Renda da unidade familiar:** autorización para utilizar a información de carácter tributario. Se non existisen datos da declaración da renda, achegarase certificación de haberes ou documento correspondente ao ano 2012 que permita a aplicación deste baremo.

INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR	PUNTUACIÓN
Inferiores a 3.195,06 anuais	3
Entre 3.195,06 e 4.792,60	2
Entre 4.792,60 e 6.390,13	1
Igual ou superior a 6.390,13	0

IPREM (Indicador público da renda de efectos múltiples) ano 2012: 6.390,13 € anuais

A efectos de cálculos da renda da unidade familiar sumaranse as cantidades dos recadros 455 e 465 da declaración da renda do ano 2012 de cada un dos declarantes da unidade familiar

7. **Acreditación de discapacidade:** certificación do ditame emitido polo órgano competente da Xunta de Galicia ou doutras administracións públicas.
- o Por discapacidade do alumno/a.....4 puntos
  - o Por discapacidade dos proxenitores .....3 puntos
  - o Por discapacidade dos irmáns.....1 puntos
8. **Criterio establecido polo centro educativo.**  
Por presentar solicitude nun centro escolar público.....1 punto

### **Formalización da matrícula**

O alumnado admitido en cada centro educativo mediante calquera dos procesos descritos nos artigos anteriores desta orde formalizará a súa matrícula nel.

Os prazos de formalización de matrícula serán os seguintes: **do 20 ao 30 de xuño**

**De non formalizarse a matrícula perderase o dereito á praza obtida.**

### **CRITERIOS DE DESEMPATE**

Unha vez sumadas as puntuacións a orde de admisión realizarase segundo as puntuacións totais de cada solicitante. En caso de empate, aplicaranse os seguintes criterios de desempate de xeito sucesivo:

- 1º Irmáns matriculados no centro escolar
- 2º Nai,pai que traballen no centro escolar
- 3º Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dos proxenitores
- 4º Renda anual per cápita da unidade familiar
- 5º Condición familia numerosa
- 6º Condición familia monoparental
- 7º Concorrenza de discapacidade na alumna/o, proxenitores ou irmáns
- 8º Criterio establecido polo centro educativo

En caso de empate, unha vez aplicados estes criterios, a preferencia de admisión establecerase de acordo ao resultado do sorteo realizado pola Consellería de Educación:

**Orde de letras para desempate: IR / KB**

## **XORNADA DE PORTAS ABERTAS**

**O MARTES DÍA 11 ÁS 18.00 HORAS REALIZARASE UNHA XORNADA DE PORTAS ABERTAS PARA INFORMAR SOBRE A ESCOLA E VISITAR AS SÚAS INSTALACIÓNS, INFORMAR SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN E RESOLVER CANTAS DÚBIDAS POIDAN XURDIR.**

**\*PREGAMOS NON ACUDAN ACOMPAÑADOS DE NENOS E NENAS**